

Alonso Ríos en Gondomar. Un imaxinario, aínda que posíbel, paseo

Carlos MÉIXOME QUINTEIRO
Instituto de Estudos Miñoranos

Os exercicios de historia contrafactual, isto é, os que comezan cun *E se?*, obedecen, normalmente, á ilusión de que os feitos acontecesen doutro xeito, dunha forma máis aquela aos desexos de quen formula o interrogante. Diso debe fuxir quen tome a disciplina histórica en serio. Non pretendo, pois, cuestionarme sobre o que puido pasar, cando ben sabemos o que sucedeu. Simplemente vou inventar un percorrido que non aconteceu, unhas conversas que nunca tiveron lugar, unhas apertas que non existiron; aínda que todo iso fose posíbel.

Da importancia da figura política, pedagóxica, axitadora, organizadora, poética, xenerosa e valente de Antón Alonso Ríos de seguro que non é preciso dicir moito máis, aínda que siga sendo preciso divulgar con intensidade a actitude de compromiso daquel quixote que un día de xuño de 1931, o 27, na xornada previa ás eleccións ás Cortes Constituíntes, xunto cun pequeno grupo de activistas, declarou que a solución dos problemas de Galiza non pasaba por integrarse nunha República Española, senón pola creación da República Galega.

Foi un acto de quixotismo, ben o sabían, mais tamén sabían que cumpría tirar do carro coa ilusión como divisa e o ouvido atento ás palabras de quen se pretende representar. Un moito de Quixote seméllanos que tiña Antón Alonso Ríos e así o lograron amosar, na miña opinión, Víctor Coyote na realización do documental *Siñor Afranio* e Luís Tosar dándolle vida ao esmoleiro entre os rochedos de Castro Laboreiro.

Cómpre difundir o labor daquel Alonso Ríos, secretario do Consello de Galiza, que se negou a ocupar a súa presidencia co argumento de que Castela era insubstituíbel; daquel Consello de Galiza, lexítimo representante da legalidade republicana no exilio, que o galeguismo do interior foi esquecendo e que tan útil sería no tránsito á legalidade posfranquista e, no falso xogo da contrafactualidade, que diferente sería a actual autonomía se naquel 1978 quen presidise a Xunta preautonómica fose Antón Alonso Ríos, lexitimado pola continuidade democrática, na vez de Antonio Rosón Pérez, empolicado pola forza das armas sublevadas.

Como a nostalxia sempre é compañeira das ausencias, lamento que non deramos rematado a tempo aquel proxecto impulsado pola Consellería de Cultura do chorado bipartito: o Roteiro do Afranio, en que participamos dende o asociacionismo cultural de base e que seguro, supoñemos outra vez, serviría para difundir a figura do noso persoeiro.

Regresando á realidade factual, o certo é que Antón Alonso Ríos, ao día seguinte de converterse en pobre de pedir, pero cando aínda non acordara alcumarse co eufónico nome de Afranio do Amaral, pasou por Gondomar. Iso contáboo Alonso Ríos nos cafés de Bos Aires, unha e outra vez, unha aventura tras outra, como nos lembraba o recordado Mario Rodríguez, que se nos foi neste inverno a facerlle compañía a outro tomiñés ilustre e loitador, Lito Oliveira. Este, da saga de Daniel Calzado, aquel, o fillo de Paquiño de Figueiró, galeguista, agrarista, impulsor das Escolas del Porvenir, camarada inseparábel de Alonso Ríos, a quen a ignominia fascista lle arrincou a vida, e de Isaura Gómez, a valorosa protectora do guardés fuxido Xoán Noya e de tantos outros. Mario, aquel rapaz de Tomiño que lle levaba as medicinas a Castela, e este aproveitaba para convidalo a un café con leite e botar unhas parrafeadas, era tamén receptor da anguria que o Afranio deitaba pola boca do auténtico protagonista.

Mais imos con Gondomar. Rematou Afranio-Alonso Ríos, a instancias de Xosé María Álvarez Blázquez, por escribir a súa historia. E puxo:

Tiña que me afastar axiña do partido de Tui. Pola estrada de Tebra cheguei a Gondomar. Xa ía cometer o erro de meterme, no primeiro empalme, pola que vai a Tui cando un fato de homes e mulleres, cos que tiña que me cruzar, fixome virar de idea e seguín adiante. Digo que ía cometer o erro, pois de ir por esa estrada seríame forzoso meterme ao monte co gallo de apartarme de Tui. E un pobre de pedir esmola non cómpre que ande polo monte. E menos compría naqueles momentos. Poucos pasos máis adiante sae a estrada de Morgadáns. Por ela, que vai bordeando os socalcos, cheguei diante da escola onde o meu amigo, mestre e poeta Vitoriano Taibo, cun punteiro na man ensinaba nun mapa unha lección de xeografía aos seus alumnos. A porta da escola estaba aberta; mesmo á súa beira e sentado, cos rapaces facendo roda, ía sinalando os distintos países da Europa. Sin determe, olleino moi ben. El non apartou a ollada do mapa. Non se decatou, non, craro, de min, mais nin de que alguén pasaba por diante da escola. Acordeime -¡como non ía lembrarme!- da miña propia escola, dos meus rapaces, dun mundo de afáns e degaros que ficaba tan perto e tan lonxe ao mesmo tempo.

Seguín o meu camiño sen voltar a ollada atrás. Inda no meu estado de ánimo non deixei de admirar, unha vegada máis, o feito xeitoso das leiras traballadas formando escadeiras.¹

Do poeta e académico Vitoriano Taibo tamén cómpre divulgación, unha relectura da súa obra e un recoñecemento por parte da institución académica da que formou parte². Chegara a Gondomar en 1930. Tiña cando a sublevación 51 anos. Probabelmente a idade e o relativo illamento en Morgadáns salváronlle a vida, aínda que non o libraron do desterro, o castigo preferido polos franquistas para punir os galeguistas. Mandárono para Villalar de los Comuneros, a vila que inspira as reivindicacións castelanistas, non españoлисты, en 1938. Para aló foi coa familia ata que lle deixaron regresar, en 1942, á súa escola de Morgadáns. Aínda botou oito anos máis na escola da entidade menor gondomaresa, ata que pediu o traslado para a de Lavadores, en 1950. Catro anos máis tarde, aos 70 anos, xubilarase.

¹ Antón Alonso Ríos, *O Señor Afranio. Ou como me rispei das gadoupas da morte* (Vigo: A Nosa Terra, 1996), 65. Prólogo e notas de Xosé María Álvarez Blázquez.

² Sobre a súa vida e obra véxase Vitoriano Taibo, *Monografías da Revista de Estudos Miñoranos*, 2008.



Foto que tirou, en Ourense, Alonso Ríos- Afranio do Amaral (arquivos do Instituto de Estudos Miñoráns).



Victoriano Taibo e veciñanza de Morgadán diante da Escola.

Cando o xa esmoleiro e futuro Afranio o espreitou, Taibo aínda non era membro da Academia. Leu o seu discurso de ingreso, sobre Rosalía³, en 1948, mais era xa un persoeiro de prestixio no mundo cultural. Publicara *Abrente* (1921) e *Da vella roseira* (1924) e era membro correspondente da Academia nada menos que dende había tres décadas.

Nos anos mozos, residindo en Compostela, tivera un papel de relevo tanto na recadación de fondos como na realización do monumento a Rosalía instalado na Ferradura compostelá, inaugurado o 25 de xullo de 1917. Realizou estes labores á beira do grande animador da iniciativa, o catedrático da Escola Normal de Santiago Vicente Fraiz Andón, quen exerceu unha ampla influencia tanto sobre Taibo como sobre Alonso Ríos e outras persoas que citaremos máis adiante. Taibo estudou naquela Normal como tamén o fixo Alonso Ríos, coterrán de Vicente Fraiz, ambos do Trasdeza. Fraiz foi o protector do mozo Alonso Ríos nos anos composteláns. A vocación de escolante de Taibo semella que foi algo serodia, máis prematura a de Alonso Ríos. Ambos os dous procedían dun extracto social semellante, a pequena burguesía. A familia de Taibo tiña unha fonda na Algalia de Arriba; o pai de Antón abandonou o oficio de caldeireiro e puxo un ultramarinos en Silleda.

Alonso Ríos non se atreveu a interromper a lección de xeografía de Taibo, nin sequera a agardar un chisco para solicitar unha mínima axuda que ben sabía que lla prestaría, mais tamén que o metería nun compromiso que lle podería custar a vida.

Escolleu seguir o camiño. Nunha das moitas reviravoltas da estrada, no canto de seguir cara a Vincios, podería tornar cara a Chaín na procura da axuda que lle poderían emprestar. Mais é posíbel que xa soubese que non poderían. O seu amigo Luciano Folgar Monteagudo non estaba cos seus rapaces na escola de Chaín, senón preso no vigués Frontón da rúa María Berdiales.

Do mestre de Chaín temos noticia pedagóxica fornecida polo profesor Malheiro Gutiérrez na súa tese de doutoramento⁴. Polo seu traballo sabemos que Folgar exerceu como mestre na escola “Rosalía de Castro” de Freixeiro, na parroquia de Laro (Silleda), a primeira das escolas federadas ideadas e dirixidas dende a Arxentina, que iniciou a súa andaina en 1912. A principios da década dos vinte trasladouse á escola “Francisco Giner de los Ríos” de Siador (Silleda), onde compaxinaba o labor docente co de inspector das escolas impulsadas pola Federación de Sociedades Galegas en Lalín, Vedra, O Pino, Silleda, Moraña e Caldas. A comezos do curso 1931-32, coa chegada da República, Folgar Monteagudo abandonará os cargos que lle encomendaran para se dedicar ao ensino público na parroquia de Chaín. Alonso Ríos, enviado dende a Arxentina, substituirá na función inspectora.

³ <https://academia.gal/documents/10157/27090/Victoriano+Taibo.pdf>

⁴ X. M. Malheiro Gutiérrez, *As escolas dos emigrantes e o pensamento pedagóxico: Ignacio Ares de Parga e Antón Alonso Ríos* (Sada: Edicións do Castro, 2006), 256 e ss.

A Folgar Monteagudo detívoo a Garda Civil na súa casa natal de Saiáns (Moraña), onde estaba a pasar as vacacións dende o remate do curso. Os gardas acusábano de participar no que os sublevados contra a orde constitucional denominaban “hechos revolucionarios acaecidos en la villa” entre o 20 e o 25 de xullo de 1936. Trasládaronlo a Gondomar para interrogalo. Enviárono ao frontón. Ficaría demostrada a imposibilidade física de participación directa ou indirecta na oposición realizada en Gondomar ao golpe militar. Sería sancionado con suspensión temporal de emprego e soldo; sobre uns catro anos sen traballo.

Como sabemos, o esmoleiro seguiu a súa andaina cara a Vincios e pasou por diante da casa de Paulino Pazos. Case estou por afirmar que a coñecía. Aquela vivenda-tenda era, dende había anos, un centro de organización e difusión agrarista.



Casa-tenda de Paulino Pazos en Vincios. Dende o seu balcón falou, entre outros, Castelao.

Paulino, seguindo unha certa tradición miñorá, na verdade non se chamaba tal. O seu nome de bautizo era Domingo. A súa propia muller soubo da chanza o día que casou. Viña do vello agrarismo pre-republicano.

Nos primeiros momentos caeu na trapela engaiolante de Lerroux e do seu home na provincia de Pontevedra, Emiliano Iglesias. O avogado ponteareán residía dende había anos en Barcelona, pero lideraba unha rede a través da que mexía candidaturas e deputados na provincia. Paulino saíu elixido na candidatura do Partido Radical

que comandaba Pablo Nieto Virostra e acudiu ao pleno de constitución da nova corporación que tivo lugar o quince de abril de 1931. O alcalde monárquico, José de Lis Rodríguez, fixo a entrega de poderes á nova xunta municipal. As reclamacións existentes suspenderon estes resultados e convocáronse novas elección para o 31 de maio. No ínterim nomeouse unha comisión xestora municipal e designouse para presidila a José Cribeiro González. O 5 de xuño constituíase a nova xunta municipal, elixíase alcalde a Pablo Nieto Virostra, e Domingo Pazos Alonso, é dicir Paulino Pazos, ocupa o cargo de recadador.

Aquela corporación foi todo menos estábel, pois sucedeuse unha serie de dimisións na alcaldía⁵, destitucións e alteracións da súa composición por intervención do goberno radical-cedista. Paulino abandonou a corporación e regresou a un agrarismo que camiñaba cara ao entendemento coas esquerdas e o galeguismo. Neste camiño tivo, necesariamente, que empatar con Alonso Ríos, que sería electo deputado en febreiro do 36 polos agrarios.

Sabemos que Taibo gustaba de dar longas camiñadas desde Morgadáns a Vincios para achegarse á casa de Paulino e botar unhas parrafeadas xunto con outros compañeiros con posicións político-ideolóxicas máis ou menos matizadas. A súa presenza, por prestixio cultural e persoal, por oratoria e dominio do idioma, era solicitada para actos relevantes. Por exemplo, nos ledos pero tensos días posteriores ao triunfo da Fronte Popular no mes de febreiro de 1936, o alcalde, José Pequeño Rodríguez, convidouno a falar, dende o balcón da casa do concello, na conmemoración do 14 de abril.

Semellante labor de “mestre de cerimonia” asumiu cando, o 11 de novembro de 1933 na praza da Paradela de Gondomar, ás tres da tarde, precedeu na palabra aos candidatos a Cortes Alonso Martínez, Alexandre Bóveda e Amancio Caamaño. De Bóveda non é preciso dicir nada; era o motor do Partido Galeguista e Amancio Caamaño Cimadevila era un médico pontevedrés de Izquierda Republicana. Alonso Martínez era de Lavadores, fora concelleiro e presidente da súa federación agraria; durante a República presidiu a Federación Agraria Provincial; nas reunións tivo que coincidir con Antón Alonso Ríos, membro da súa directiva. Nas eleccións a Cortes das que falamos (1933), un fracaso para os republicanos e as esquerdas, figuraba nas listas da coalición Izquierda Republicana. Bóveda e Amancio Caamaño serían asasinados polos militares sublevados.

Tamén Taibo participou nun mitin deitado dende o balcón da casa de Paulino. Os informantes orais non lembran o ano, 1932 ou 1933, pero si o motivo: a conmemoración do 14 de abril. Naquela ocasión interviron Valentín Paz Andrade e Alfonso R. Castelao, ademais do, na altura, mestre de Vincios, Benedicto

⁵ Sobre este particular véxase G. Adrio Barreiro, *La vida municipal en la II República Española. Examen de los municipios en la provincia de Pontevedra en este período (1931-1936)* (Sada: Edicios do Castro, 2008), 563-581.

Crespo Rodríguez, despois trasladado a Vigo, á escola do Areal e, posteriormente, expulsado do corpo de mestres⁶.

Paulino acabou fuxido polo Galiñeiro. Despois de meses agochado, de durmir no monte, da roupa a secar como sinal para poder achegarse á casa, de longas noites cos falanxistas de Valadares a pasearen por diante da porta, de tiros na madrugada, de mortos na estrada, de choros e laios, con 41 anos, Paulino recorreu aos seus irmáns emigrantes en Bos Aires. Pasou, como puido, ao igual que Alonso Ríos, a Portugal e embarcou en Lisboa cara á capital arxentina. Regresou nove anos despois. Os fillos de Paulino, criados na miseria e co estigma de seren os fillos do comunista, tomaron poucos anos despois os camiños do mar.

Gustaban da palabra. Taibo, xa o dixemos, achegábase cando podía pola casa de Paulino. Luciano Folgar era asiduo conversador con Abilio Araújo, da parroquia onde exercía como mestre, vítima da chamada “lei de fugas”, aplicada pola Garda Civil de Gondomar para asasinato xunto con outro veciño de Chaín, Manuel de Lucinda, e tamén a Manolo, “O Palero do Forno de Laureana”.

Quen tamén acudía, de cando en vez, a aquelas conversas, era o mestre de Donas, José Cribeiro. Como Taibo ou Folgar, non era nativo de Gondomar, o que non empeceu para que, ao nomearse unha xestora municipal por mor da anulación das municipais do 12 de abril de 1931, Cribeiro non só fose nomeado para esta, senón elixido para presidila. Foi, pois, alcalde de Gondomar entre o 20 de abril e o 4 de xuño, data en que se constituíu a nova corporación na que Paulino era recadador.

Cribeiro chegara a Gondomar ben novo, nacera en Mañón, estudara en Pontevedra, onde se asentaran os pais. En Donas coñeceu a quen sería a súa compañeira de vida, a mestra da escola de nenas Concepción Gómez Martín, de orixe estremeña. Cribeiro era un destacado dirixente da potentísima Federación de Traballadores da Ensinanza, adherida á UGT, e animador da Sociedade Agraria de Donas. Participaba tanto na coordinación provincial do sindicato de ensinantes como na da federación agraria que representaría Alonso Ríos nas candidaturas da Fronte Popular en 1936. Cribeiro era militante do PSOE, partido que abandonaría para afiliarse ao Partido Comunista nun proceso de decantación que, temporalmente, debeu coincidir co de Víctor Fraiz Villanueva, tamén mestre e dirixente da FETE-UGT, trasdezo da Bandeira e sobriño do catedrático Vicente Fraiz Andón, a quen xa citamos como protector do Alonso Ríos estudante e co que colaborou Taibo no activismo cultural compostelán. Fraiz Andón encargouse da educación e de asegurarlle o futuro ao seu sobriño orfo a quen levou, ben cativo, para Cuba e ao que trouxo cando a illa acadou a Independencia para estudar na Escola Normal compostelá.

⁶ A. S. Porto Ucha, *Mestras e mestres pontevedreses depurados polo franquismo* (Ponteareas: Alén Miño, 2008).



José Cribeiro cos seus alumnos da escola de Donas (Gondomar).

Así que Alonso Ríos, naquela indecisión que tivo ao baixar dende Tebra cara a Gondomar, despois daquel repente salvador que o inspirou a non tomar a estrada de Tui e camiñar cara á cova do lobo Bugarín, o seu máis insistente perseguidor, ben puido, na vez de tomar a estrada de Morgadáns, que o levou por diante da escola de Taibo e da casa de Paulino en Vincios, seguir cara a Gondomar e achegarse ata Donas ou ata Vilaza.

Isto podería facer se non se sublevasen os militares facciosos. Agora xa non podería contar coa axuda dos seus amigos comunistas, Fraiz e Cribeiro. O primeiro, agochado nos montes do Val Miñor e de Vigo, sufrindo unha das persecucións máis encirradas, que se vingou nos seus fillos e lle custou a propia vida. O segundo, preso no Frontón de María Berdiales, xunto ao seu compañeiro Luciano Folgar, acusado tamén de participar en los “hechos revolucionarios” entre o 20 e o 25 de xullo contra el “Movimiento Nacional”.

As familias Fraiz e Cribeiro sufriron con intensidade a dexeneración moral dos militares rebeldes e dos falanxistas. Moito máis trágica no caso de Fraiz Villanueva. Como non o daban prendido, apreixaron o seu fillo Víctor, de 19 anos, e levárono a San Simón; un día apareceu o seu cadáver desfigurado na Concheira de Redondela. Despois prenderon outros dous fillos, Vicente e Ramón. Tras negociar a súa liberación e un xuízo xusto, Víctor Fraiz Villanueva entregouse na embaixada do Uruguai. O 14 de setembro de 1937 fusilárono no Castro de Vigo. Os dous rapaces morreron na guerra ou a consecuencia dela. Outro dos fillos,

Salustiano (Nanito), estivo preso durante anos. A súa muller, Placeres Castellanos, cruzouse co seu fillo Víctor cando este viña de Madrid para as vacacións e ela viaxaba en dirección contraria. Unha viaxe condenaba o fillo, a outra salvoulle a vida a quen remataría sendo unha dirixente da Resistencia Francesa contra os nazis⁷.

A familia Cribeiro tamén sufriu con saña a persecución franquista, aínda que sen a trágica apocalipse da de Fraiz. Cribeiro “rispouse da morte” con enxeño e sorte, foi expulsado do maxisterio e tardaron moitos anos en permitirlle a súa reincorporación. A súa esposa Concha tamén foi sancionada, ao igual que o seu irmán Pío, a súa cuñada Rexina, e a irmá desta, Áurea, que exercían nas escolas canguesas de Aldán e Coiro.

Como é sabido, o golpe de estado foi en período de vacacións escolares; probabelmente, aínda que volvamos á contrafactualidade, isto explique que aquela xenreira acumulada polos sublevados contra os mestres e mestras da República, culpábeis da dexeneración moral da patria, personificación maligna da *antiespaña*, non excedese en moito a avultada listaxe de 91 mestres e mestras asasinadas que elaborou o profesor Antón Costa Rico.

Se Folgar estaba de vacacións na súa terra natal de Moraña, Cribeiro atopábase formando parte dun tribunal de selección de mestres en Pontevedra, residindo na casa paterna por aqueles días. Como dixemos, a ambos detivéronos e trasladáronos a Gondomar para interrogalos a respecto da súa participación nos “hechos revolucionarios”, segundo a descrición das autoridades militares sublevadas contra a legalidade democrática.

Estaba sinalado, en especial, Cribeiro, considerado non só inspirador dos movementos agrarios e sindicais, senón tamén o instigador das decisións do presidente da Sindicato de Oficios Varios de Gondomar, Joaquín Míguez. Era este un home novo, de 29 anos, que remataría fusilado contra as tapias do cemiterio de Pereiró o 24 de outubro de 1936, ás catro da tarde, por armas ordenadas pola farsa do consello de guerra que resolvía a causa 805/36 contra varios veciños de Gondomar, entre eles o alcalde José Pequeño Rodríguez⁸.

Para o cabo da Garda Civil, Márquez, Cribeiro, era o “autor moral a (?) la campaña ejercida en favor del partido comunista cuyos frutos son los que hoy lamentamos”, e considera a Míguez Ledo lugartenente do anterior. Pola súa banda, Latino Salgueiro indica que José Cribeiro “fue en Gondomar el encargado de hacer propaganda comunista, sin que se le haya visto actuar al frente de los elementos extremistas como dirigente”.

⁷ E. Garrido Moreira, “Víctor Fraiz: A rebelión silandeira das tumbas dos mártires”, *Claridade* (Fundación Luís Tilve), setembro (2007): 81-86; E. Quintas Alborés, *Placeres Castellanos* (Vigo: A Nosa Terra, 2008).

⁸ Arquivo Militar Intermedio do Ferrol.

Como dicíamos, a ausencia de Gondomar foi o que salvou tanto a Folgar como a Cribeiro. Aínda así, a este último buscábanllas por todos os lados. Como estivera na vila o 17 de xullo pretenderon desmontar as testemuñas que o mestre de Donas achegara. Finalmente, a declaración e certificación do secretario do Concello de Gondomar, Urbano Alonso Gonda, de que estivera en Gondomar ese día para cobrar a gratificación pola casa-habitación, imposibilitou a condena de Cribeiro.

Cando o puxeron en liberdade, andou agochado por Pontevedra e Santiago, ata que, seguindo as recomendacións do mestre da escola de nenos n.º 1 de Baiona, Benito Ramallo Gómez, acordou alistarse como voluntario na lección; dese xeito evitou que andasen tras del os cívicos e falanxistas e “rispouse” da morte. Por idade e preparación, enviárono ás oficinas e non chegou a ir á fronte.

Ramallo Gómez tamén foi detido, sometido a consello de guerra e expulsado do corpo. Entre as acusacións contra el figura a de que nunha ocasión no casino da vila negara a súa filiación española. Ben andada a década dos cincuenta, ambos puidéronse reincorporar ao maxisterio.

Luciano Folgar Monteagudo e o seu compañeiro de profesión José Cribeiro temeron durante días polas súas vidas. O terríbel oficial da Garda Civil Francisco González Rodríguez, alcumado “O Rabioso”⁹, desprazouse expresamente a Gondomar para tomarlles declaración e redactar o atestado que precede á dilixencia de entrega no cárcere de Vigo dos dous mestres detidos, asinada o 16 de agosto de 1936.

A teima do Rabioso cos mestres era especial. Testemuñas presenciais aseguran que era el quen comandaba un reducido grupo de falanxistas que “deixaron cara ao sol” o mestre de Nigrán, Vázquez Grela, no mediodía do 12 de setembro, despois de sacalo da aula en que impartía a súa lección¹⁰.

O 15 de agosto, a horas intempestivas, presentouse “O Rabioso” no posto da Garda Civil de Gondomar para facerse cargo do atestado. En poucas horas toma declaración a testemuñas e detidos e resolve enviar os mestres á prisión na compañía dos perigosos libros propiedade de Luciano Folgar. Nos seus manuscritos o represor di:

En virtud de lo expuesto y creyendo el oficial que suscribe ser ciertos los cargos que se imputan a los maestros nacionales Don José Cribeiro González y Don Luciano Folgar Monteagudo, el primero que además figura en relación de Delegado al Pleno del Comité Local de los Trabajadores de la Enseñanza en primer termino, que tales hechos pudieran ser constitutivos del delito de sedición armada en contra del Movimiento del Ejercito Nacional al menos por inducción y referente a los ejecutores se instruye atestado por el Comandante del puesto de Gondomar en que ocurrieron, he acordado dar por terminado este atestado para su entrega al señor Delegado de Orden Público de la Ciudad con los referidos maestros en calidad de detenidos y a su dispo-

⁹ Sobre “O Rabioso”, véxase X. C. Abad Gallego, *Cen personaxes en torno a unha guerra* (Vigo: Instituto de Estudos Vigueses, 2008): 317-322.

¹⁰ J. González Pérez, *Nigrán, memoria dunha guerra, 1936-1939* (Vigo: Edicións do Cumio, 1998).

sición en la Prisión del partido (frontón) así como de los libros ocupados en su casa de Moraña al segundo, que comprueban son suyos por hallarse el de Psicología de la Revolución con su nombre y apellidos en la portada y varias hojas, siendo otra porción de ellos, de anarquistas de primer orden, comunistas y socialistas, con lo que se demuestra su manera de pensar libertaria que como Delegados del Pleno del Comité Local de Trabajadores de la Enseñanza, figurando en relación con el “Cribeiro” los también Maestros Nacionales Víctor Sánchez Marfil y don Víctor Fraiz Villanueva, este, que como consta es peligroso propagandista comunista por todo lo que es de creer la labor funesta que para el desenvolvimiento cultural de España hacían dentro y fuera de la Escuela los mencionados maestros, bajo recibo. Y que conste, lo firma la fuerza auxiliar y yo certifico.

O informe do “Rabioso” está incorporado á instrución da causa 138/36 contra 23 veciños de Baiona, todos condenados, no consello de guerra que tivo lugar o 19 de febreiro de 1937, a penas que van dende a reclusión perpetua ata os 15 anos, os que tiveron máis sorte.

Ademais de interrogar os mestres, “O Rabioso” procurou o testemuño de persoas “de orde e respectábeis”, aínda que non presenciaron a hipotética tentativa de resistencia ao exército, polo que non poden relatar feitos, senón depoñer valoracións ideolóxico-políticas. Así, o xestor do Concello, José Quintas Santiago, declara “que es cierto que el Maestro Nacional de Donas don José Cribeiro González, desde el advenimiento de la República viene fomentando entre los obreros y los campesinos las ideas revolucionarias, en principio socialistas que elevó hará dos años a las comunistas siendo el principal dirigente en las parroquias del termino”. Pola súa banda, o tristemente célebre cura-párroco, Carlos Hernández Vázquez, declara que “fue (Cribeiro) gestor al advenimiento de la República y que en las elecciones últimas tuvo una intensa actividad en pro de la candidatura comunista, no menos eficaz y asidua fue la del de la Nacional de Chaín Luciano Folgar Monteagudo”. O médico e alcalde-presidente da xestora nomeada polos sublevados, Latino Salgueiro Pereira, di que “la actuación (de Cribeiro)... ya socialista en principio, ya comunista despúes se ha desarrollado de una manera intensa y funesta en las parroquias de Gondomar, dando por resultado sin duda el haber secundado la huelga general sediciosa y armada en contra del actual movimiento del Ejercito nacional...”

Non será nesta causa en que Cribeiro será procesado, senón na 805/36, polo delito de rebelión contra José Pequeño Rodríguez (alcalde de Gondomar), Rogelio Lorenzo González (tenente de alcalde), Joaquín Míguez Ledo (presidente do sindicato) e os obreiros Eduardo Hermida Pereira, Antonio Iglesias (a) Cañón, Manuel Domínguez e Feliciano Vargas¹¹.

Ata podería Alonso Ríos ter continuado camiño cara a Borreiros e procurar acocho na casa de Eladio Ferreiro, quen había moitos anos deixara a dirección da Escolas pro Valle Miñor que promovía dende Bos Aires a Unión-Hispano

¹¹ Archivo Militar Intermedio do Ferrol.

Americana¹²; mesmo, naquela altura, estas permanecían fechadas ao se cortaren os recursos que enviaba a emigración miñorá dende a Arxentina, seriamente afectada polo crac económico de 1929.



Eladio Ferreiro, de bigote escuro, cos seus alumnos e alumnas de Borreiros (Gondomar).

Ferreiro era mestre en Borreiros e colaboraba dende a súa apertura (1923), como asesor, coa escola tomiñesa que dirixía Alonso Ríos. Era este home ideoloxicamente conservador, mesmo afiliado da Unión Patriótica primorriverista, quizais arrastrado por ilusión rexeneracionistas e anovadoras, pero compartía ideas renovadoras na educación que puxera en marcha con éxito durante máis dunha década como director da Escolas Pro Valle Miñor. Ideas que aconsellara tamén á de Tomiño; aínda que os dous proxectos educativos tivesen unha perspectiva final ben diferente: prepararse para a emigración no caso da escola miñorá; evitala, no caso tomiñés.

O seu talante era conservador, mais non fascista, por iso rexeitou as reiteradas peticións de colaboración do novo réxime, moi precisado da lexitimación de persoas con prestixio social desvinculadas da milicia, como era o seu caso.

¹² C. Méixome Quinteiro, “Noticia dun mestre: Eladio Ferreiro Otero”, en *Actas do Congreso Emigración e Educación (1900-1936): I Centenario das Escolas da Unión Hispano-Americana Valle Miñor (1909-2009)* (Gondomar: Instituto de Estudos Miñoranos, 2011): 391-412.

Esta viaxe non a houbo. Mellor así. Deste xeito, o esmoleiro que pasou por Gondomar e logo se autodenominou Afranio do Amaral, foi quen de rispase das gadoupas da morte e púídonos contar as súa agoniante fuxida dos que mataban e condenaban por sedición e rebelión. Terribéis acusacións, impropias dun réxime democrático, que agora, infortunadamente, se volven escoitar.

Gondomar de Miñor, marzo, 2018.

